



## II MEMORIAL RAMÓN ESCUDEIRO TILVE

Do 4 ao 8 de decembro

### *Crónica Final:*

#### **“O pontevedrés Pablo García acada o seu segundo título na homenaxe a Ramón Escudeiro”**

O Mestre Internacional Pablo García tira das matemáticas e acada o empate que lle permite revalidar o título de Campión do Memorial Ramón Escudeiro Tilve. Unha sentida homenaxe a un dos célebres deportistas da Cidade de Pontevedra, exemplo de superación na vida e no deporte que nos deixou de maneira prematura no verán do 2012.

O podio completárono os Mestres Daniel Rivera, no segundo caixón, e Juan Carlos Gil no terceiro.

Pablo máis Daniel foron os adestradores de Ramón Escudeiro na súa maior paixón, o xadrez. Un feito que tal e como comentaban dáballes unha motivación extra á hora de afrontar as súas partidas. Un triunfo dos Mestres da EXP que encheu de satisfacción ós máis achegados e que se viviu cunha gran emotividade.

O resto das categorías deixounos as seguintes clasificacións:

#### AMATEUR

- 1º Francisco Rego (Escola Xadrez Ferrolá)
- 2º Heladio Outeiro (Xadrez Breogán)
- 3º Gonzalo Bouza Brey (Xadrez Fontecarmoa)

#### CAMPION VETERANO

Fernando Alonso González (Pontevedra)

#### SUB 16

- 1º Pablo Ferreiro (Escola Xadrez Pontevedra)
- 2º David Vázquez Gómez (Xadrez Ourense)
- 3º Antonio Vazquez Millan (Xadrez Portas)

#### SUB 14

- 1º David García (Escola Xadrez Pontevedra)
- 2º Oscar Victorero (Xadrez Fontecarmoa)
- 3º Carlos Rivera (Escola Xadrez Pontevedra)

#### SUB 12

- 1º Juan Manuel Martínez Montes (Escola Xadrez Pontevedra)
- 2º Angel Ferreño (Xadrez Marín)
- 3º Pablo Portela (Escola Xadrez Pontevedra)

#### SUB 10

- 1º Martín Gomez Carreño (Xadrez Ourense)
- 2º Martín Martínez Montes (Escola Xadrez Pontevedra)
- 3º Marcos Vázquez Gómez (Xadrez Ourense)

#### SUB 8

- 1º Luca Rey (Xadrez Fontecarmoa)
- 2º Luis Joaquin Alonso (Escola Xadrez Pontevedra)
- 3º Jaime Paniagua (Escola Xadrez Pontevedra)

O acto de pechamento foi unha mostra do recoñecemento que acadou Ramón Escudeiro, entre os asistentes puidemos ver a moitos dos que puxeron o seu grao de area na promoción da súa carreira deportiva e tamén dos que colaboran activamente no esforzo da Escola de Xadrez de Pontevedra por manter vivo o seu recordo e transmitir ás novas xeracións o seu exemplo. Entre eles, Fernando Moldes do Grupo Moldes, o director da ONCE en Pontevedra, Benavides de Deportes da Xunta de Galicia, Ernesto Filgueira da Zona Monumental Agustín Fernández e Miguel Anxo Fernández Lores en representación do Concello de Pontevedra.

A directiva da Escola de Xadrez de Pontevedra valorou de maneira moi positiva o apoio das institucións: “Xunto co apoio da empresa privada, algo moi complexo dada a actual situación do país, tiñamos o obxectivo de acadar o apoio das institucións, contar co Concello, Diputación de Pontevedra máis Xunta de Galicia axúdanos a garantir a continuidade deste recoñecemento que lle queremos brindar o noso “Ramoncito” que o é de tódolos pontevedreses .”

Pablo García  
Escola Xadrez de Pontevedra  
[pblogarcia@xadrezpontevedra.com](mailto:pblogarcia@xadrezpontevedra.com)  
Tel. 646524394